



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 20 de setembro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Carlos López Font.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte de setembro de dous mil dezaioito, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1023).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 6 de setembro, e extraordinaria e urxente do 7 de setembro. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1024).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL E ALUGUEIRO DE MAQUINARIA PARA OBRAS A DESENVOLVER NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” 2018. EXPTE. 21790/332.

Visto o informe xurídico do 11/09/18, e o informe de fiscalización do 13/09/18, dáse conta do informe-proposta do 11/09/18, asinado polo técnico responsable de

Educación de Adultos por autorización da xefa de Educación, a concelleira-delegada da Área de Educación, e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 7 de xuño de 2018, a Concelleira de Educación resolveu autorizar a tramitación dun contrato maior de subministros para a adquisición de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios públicos de educación infantil e primara polo persoal beneficiario do programa “Vigo Emprega”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 20/06/2018.
- Resolución da Concelleira de Educación de 07/06/18 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa de data 5/07/18, redactada pola Xefa do Servizo de Educación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 21/06/2018 redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Servizos Xerais e a Xefa do Servizo de Educación.
- Informe de 12/07/2018 da Xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 06/08/2018 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.
- Memoria xustificativa modificada de data 30/08/2018
- Informe de data 05/09/2018 sobre corrección do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares modificado de data 05/09/2018

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: *a adquisición de material e o aluguer de maquinaria para a realización de obras de mantemento e conservación nos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Concellería de Educación polo persoal beneficiario do Programa “Vigo emprega”, relacionados no anexo ao PPT, así como os materiais requiridos polo Concello de Vigo que non figuren nese anexo, sempre que se atopen dentro das familias sinaladas nos lotes, e ata un máximo do 10% do prezo do contrato”*

Prazo de execución: 14 meses. Si se adxudicase con posterioridade a data prevista de inicio do contrato reducirase o prazo de execución, pois o contrato finalizará necesariamente o día 30 de novembro de 2019.

Prezo: o orzamento total do contrato é de 187.032,28 €.

Aplicación orzamentaria: 3230 212.00.00 “Reparacións e mantemento edificios dos colexios”



Concello de Vigo

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras de mantemento e conservación nos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Concellería de Educación polo persoal beneficiario do Programa “Vigo emprega”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/06/2018 redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Servizos Xerais e a Xefa do Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 05/09/2018 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios públicos de educación infantil e primara polo persoal beneficiario de programa “Vigo Emprega”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 187.032,28 euros (87.032,28 € na anualidade de 2018 e 100.000,00 euros na de 2019) para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios públicos de educación infantil e primara polo persoal beneficiario do programa “Vigo Emprega” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230 212.00.00 “Reparacións e mantemento edificios dos colexios”

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1025).- INTERPRETACIÓN TRANSITORIA DO ARTIGO 118.3 DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO. EXPTE.. 102676/140.

A Xunta de Goberno local retirou este expediente.

4(1026).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTRA VIGO 430, PARA O DESENVOLVEMENTO DA TEMPADA MUSICAL 2017-2018. EXPTE. 2064/330.

Visto o informe xurídico do 07/08/18, e de fiscalización do 14/09/18, dáse conta do informe-proposta do 10/07/18, asinado polo xefe de Servizo de Xestión e Promoción

Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME.-

Con data 4 de xullo pasado, a **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 6 de xullo pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa “TEMPADA MUSICAL 2017-18”, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 123.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

PROGRAMA:

Sábado 22 de decembro de 2017, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 e solistas
Auditorio “Mar de Vigo”

Venres 19 de xaneiro, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 con David Fons
Teatro Afundación Vigo

Venres 16 de febreiro, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 con María Toledo
Auditorio “Mar de Vigo”

Venres 23 de marzo, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 con solistas
Auditorio “Mar de Vigo”

Sábado 21 de abril, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 con solistas
Auditorio Municipal do Concello

Venres 18 de maio, 20:30 h

Orquestra Barroca Vigo 430
Auditorio Municipal do Concello

Venres 15 de xuño, 20:30 h

Ensemble Vigo 430



Concello de Vigo

Auditorio Municipal do Concello

Data por confirmar

Orquestra Xove Vigo 430

Auditorio Municipal do Concello

Venres 28 de setembro, 20:30 h

Ensemble Vigo 430

Auditorio Municipal do Concello

Sábado 20 de outubro, 20:30 h

Orquestra Barroca Vigo 430

Auditorio "Martín Codax" do CSM

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 198.070 € (cento noventa e oito mil setenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 123.000 € (62,10 %)
- Aportación de socios e usuarios: 74.070 € (37,40%)
- Amigos da 430 e donacións empresas: 1.000 € (0,50 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento.
- Escrito remitido pola **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa "TEMPADA MUSICAL 2017-18", proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, para a organización e realización do programa "TEMPADA MUSICAL 2017-18", obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos

seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** ten como obxecto financiar a organización e realización do programa "TEMPADA MUSICAL 2017-18" e figura na partida 3340.489.00.08 "CONVENIO ORQUESTRA 430", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 123.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.



Concello de Vigo

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 123.000€ (cento vintetrés mil euros) á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, CIF. G27743475, para o financiamento do programa “TEMPADA MUSICAL 2017-18”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “TEMPADA MUSICAL 2017-18”.*

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DA TEMPADA MUSICAL 2017-2018.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaioito

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Francisco Javier Escobar Vidal, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 (CIF G27743475) , (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Avda. de Frago, 31 - 9º B CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos. Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e, tal e como establecen os seus estatutos, ten como fins sociais “a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de*

actividades musicais". A **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. Está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, a cantidade de 123.000 euros.

IV.- Que a **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o tempada musical 2017-2018, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 198.070 € (cento noventa e oito mil setenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 123.000 € (62,10 %)



Concello de Vigo

- Aportación de socios e usuarios: 74.070 € (37,40%)
- Amigos da 430 e donacións empresas: 1.000 € (0,50 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Sábado 22 de decembro de 2017, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 e solistas
Auditorio "Mar de Vigo"

Venres 19 de xaneiro, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 con David Fons
Teatro Afundación Vigo

Venres 16 de febreiro, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 con María Toledo
Auditorio "Mar de Vigo"

Venres 23 de marzo, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 con solistas
Auditorio "Mar de Vigo"

Sábado 21 de abril, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 con solistas
Auditorio Municipal do Concello

Venres 18 de maio, 20:30 h

Orquestra Barroca Vigo 430
Auditorio Municipal do Concello

Venres 15 de xuño, 20:30 h

Ensemble Vigo 430
Auditorio Municipal do Concello

Data por confirmar

Orquestra Xove Vigo 430
Auditorio Municipal do Concello

Venres 28 de setembro, 20:30 h

Ensemble Vigo 430
Auditorio Municipal do Concello

Sábado 20 de outubro, 20:30 h

Orquestra Barroca Vigo 430
Auditorio "Martín Codax" do CSM

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D^a. Ana María Novoa Diéguez.

2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3)Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5)Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6)Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.

7)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8)A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9)Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, ben asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento, ou ben respondendo directamente. Se fose o caso, A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (123.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



Concello de Vigo

3. Ceder o Auditorio Municipal do Concello para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, concretamente o ciclo de cine, previa solicitude e en función das necesidades do propio Concello.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.



Concello de Vigo

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada (ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa).
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou

parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, do 1 de decembro de 2017 ao 15 de novembro de 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da



Concello de Vigo

subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA TEMPADA MUSICAL 2017-2018

1.- GASTOS:

Gastos de persoal	139.655,39 €
Gastos de explotación	58.414,61 €
TOTAL GASTOS	198.070 €



Concello de Vigo

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo	123.000 €
Aportación de socios e usuarios	74.070 €
Amigos da 430 e donacións empresas	1.000 €
TOTAL INGRESOS	198.070 €

5(1027).- CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U.” PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU 1993 E DO PEPRI CASCO VELLO NO ÁMBITO DO “BARRIO DO CURA”. EXPTE. 1053/400.

Dáse conta do informe-proposta do 11/09/18, asinado polo secretario Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

TRLR. Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

LSG. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

RLSG. Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Antecedentes.

En data de setembro de 2017 a mercantil VALERY KARPIN & ASOCIADOS INMOBILIARIOS, S.L., entón propietaria maioritaria do ámbito “Barrio do Cura”, presentaba na XMU proposta de convenio urbanístico de planeamento para a modificación puntual do PXOU 1993 e do PEPRI Casco Vello no ámbito do “Barrio do Cura”; tal proposta de convenio foi obxecto de negociación, artigo XX RLSG; froito de tal negociación, e en virtude das suxestións realizadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), foi elaborada unha proposta definitiva do texto inicial do convenio que se trasladou aos propoñentes.

En data 29.08.2018 remítese a esta Secretaría desde a XMU proposta de convenio urbanístico de planeamento presentada no Rexistro da Xerencia en data 25.06.2018 (Doc. 180098777) por BARRIO DO CURA DESARROLLO S.L.U., actual mercantil que ostenta a propiedade do 74,07 % do ámbito, para a modificación puntual do “PXOU 1993” e do “PEPRI Casco Vello” respecto do ámbito do “Barrio do Cura”, a proposta de convenio coincide coa no seu día negociada; a presentación realizada foi ampliada mediante escrito de data 13.07.2018 (Doc. 180111832) con achega de maior documentación (planos,

borrador da modificación puntual do PXOU 93 e borrador do documento inicial estratéxico). Remítese o expediente ao obxecto de que, tras o estudo das Estipulacións nel contidas, se emita o informe-proposta que corresponda.

No Expediente, ademais da proposta de convenio presentada e da súa documentación anexa consta a seguinte documentación: (i) Resolución da vicepresidenta da XMU de data 28.06.2018 incoando a tramitación do Expediente da que se deu conta o Consello da Xerencia en sesión de data 28.06.2018; (ii) informe da arquitecta municipal de “Barrios Históricos” data 17.07.2018 e (iii) Resolución da Vicepresidencia de data 19.07.2018 polo que se solicita o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada á Dirección xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, esta solicitude tivo entrada no rexistro xeral da Administración Autonómica o día 23.07.2018.

Cumprimentando a petición realizada emíttese o seguinte,

INFORME- PROPOSTA

I. O Expoñendo Primeiro do convenio sinala, *“O Barrio do Cura é unha peza fundamental e de especial singularidade na cidade de Vigo ...”*.

O ámbito do “Barrio do Cura”, dunha superficie de 22.570, 27 m² delimitado polo Paseo Alfonso XII; Rúas Pi e Margall números 2 ao 10; Santa Marta, números 2 ao 36, Torrecedeira, Gaiteiro Ricardo Portela e norte, Rúa Poboadores, localízase no linde oeste do Barrio do Berbés e do Casco Vello, orixes da Cidade de Vigo, unha centralidade na súa maior parte baleira, vulnerable e degradada que esixe e demanda da Administración municipal, artigo 4.4 do TRLS, unha decidida actividade (ordenación urbanística) que posibilite a incorporación deste ámbito singular á trama urbana existente e o uso normal que reclama (residencial) acadando con iso un obxectivo de interese xeral que non é outro que posibilitar á cidadanía un novo espazo urbano de calidade ambiental, útil, sostible, comfortable e recoñecible.

Tales obxectivos xa foron previstos no PXOM de 2008 que contemplou para o “Barrio do Cura” unha área de solo urbano non consolidado (SUNC) conformando unha única área de reparto baixo a denominación “A-4-01 Barrio do Cura”, dunha superficie de 23.564 m², cunha edificabilidade máxima de 58.201 m²/c que remitía a súa ordenación pormenorizada a un Plan Especial de Reforma Interior, “PERI Barrio do Cura”.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 2.06.2014, tralos informes emitidos -entre eles o da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 1.07.2010 que indicaba a innecesariedade de someter o Plan Especial ao procedemento de avaliación estratéxica ambiental- e logo da correspondente información pública aprobou, por unanimidade, o “PERI Barrio do Cura”.



Concello de Vigo

A sentenza do TS de data 12.11.2015 anulou o PXOM 2008 e conseguintemente todos os instrumentos de planeamento aprobados en desenvolvemento e baixo a cobertura de tal Plan Xeral, entre eles o "PERI do Barrio do Cura".

En virtude dos efectos de tal sentenza a ordenación urbanística do ámbito ven hoxe sinalada no "PXOU 1993" e no denominado "PEPRI Casco Vello" aprobado en data de 14.04.2007, unha ordenación que, segundo a proposta de convenio, non outorga unha resposta axeitada ás necesidades urbanísticas do ámbito.

II. O Expoñendo Oitavo menciona que BARRIO DO CURA DESARROLLO S.L.U. é propietaria do 74,07 % da superficie da propiedade privada existente no Barrio do Cura segundo en Notas Simples emitidas polo Rexistro da Propiedade que se achegan como Anexo o Convenio; as Notas mencionadas non se atopan nin identificadas nin anexadas, procede a súa incorporación o obxecto da constatación formal da titularidade alegada que xustifica a proposta de convenio.

III. O artigo 4.1 do TRLS sinala, *"A ordenación territorial e a urbanística son funcións públicas non susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co el interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo conforme o destino deste. Esta determinación non confire dereito a esixir indemnización, salvo nos casos expresamente establecidos nas leis"*.

A redacción deste precepto parece inferir o impedimento de celebrar convenios urbanísticos ao falar de "funcións públicas non susceptibles de transacción", non obstante o artigo 9.8 da mesma norma refírese aos convenios de planeamento nos seguintes termos, *"Os convenios ou negocios xurídicos que o promotor da actuación celebre coa Administración correspondente, non poderán establecer obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios afectados. A cláusula que conteña estas regras será nula de pleno dereito"*.

Na mesma liña a LSG no artigo 165 sinala, *"Os órganos pertencentes ás Administracións Públicas poderán celebrar, sempre no ámbito das súas respectivas competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, ao obxecto de colaborar e desenvolver de maneira mais eficaz a actividade urbanística"*.

En desenvolvemento deste precepto o artigo 398.2 do RLSG advirte que a negociación, formalización e cumprimento dos convenios urbanísticos rexerase polos principios de transparencia e publicidade; o artigo 398.3.a) da mesma norma sinala que os convenios urbanísticos poden ter, entre outros, o obxectivo de determinar o contido de posibles modificacións do planeamento en vigor; o apartado 4, consonte ao artigo 165.3 da LSG, advirte que, serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios urbanísticos que contraveñan, infrinxan ou defrauden obxectivamente normas imperativas legais o regulamentarias, incluídas as de planeamento urbanístico. O artigo 399.2 sinala que os convenios de planeamento só poderán conter acordos ou pactos que, afectando exclusivamente ás partes que os subscriban, sexan preparatorios e non vinculantes da

resolución que se deba adoptar no procedemento de aprobación ou alteración do planeamento en vigor; finalmente o artigo 399.3. indica que o Concello tramitará a aprobación ou a modificación do instrumento ou instrumentos de planeamento a que se houbera comprometido, pero conservará a plena potestade de planeamento por razóns de interese público e que a tal efecto, o convenio só vinculará ás partes que o subscriben para a iniciativa e tramitación do procedemento correspondente, en base o acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de solucións concretas de ordenación; conclúe sinalando que no caso de que non se aprobara o cambio de planeamento, o convenio entenderase resolto, sen que poda comportar enriquecemento inxusto de ningunha das partes.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares de 21 decembro de 2005 expón que, en base o *ius variandi*, a Administración pode desvincularse das previsións anteriores relativas ao uso do terreo, porque a potestade planificadora da Administración urbanística non se atopa limitada polas previsións do ordenamento urbanístico anterior, nin polas expectativas ou dereitos urbanísticos particulares, *nin polos posibles convenios urbanísticos subscritos*.

En definitiva, os convenios urbanísticos de planeamento teñen por obxecto a mera preparación dun novo planeamento; a súa subscrición (sinatura) obriga ao Concello á tramitación do procedemento de modificación puntual que prevexa -no noso caso modificación do "PXOU 1993" e do "PEPRI Casco Vello"- sen que as determinacións de ordenación contempladas no convenio respecto de tales modificacións sexan vinculantes para o Concello que, no uso da súa potestade indispoñible de planeamento, poderá variarlas na instrución (tramitación) de tal modificación por razóns de conveniencia para o interese público, causa suficiente para entender que o convenio se atopa sometido a unha implícita ou explícita condición suspensiva de que o instrumento definitivamente aprobado faga posible o cumprimento do propio convenio.

No sentido exposto, recollendo a normativa citada, resulta axeitada a redacción da Estipulación Primeira do Convenio

IV. O convenio presentado por BARRIO DO CURA DESARROLLO S.L.U. e remitido para informe a esta Secretaría determina os parámetros urbanísticos a contemplar nas modificacións do "PXOU 1993" e do "PEPRI Casco Vello" co obxecto de acadar unha ordenación urbanística esencialmente idéntica á prevista no "PERI do Barrio do Cura", neste sentido sen prexuízo de categorizar -por mor da aplicación da LSG- a clasificación do solo urbano do ámbito como consolidado (SUC, 10.080,86 m²) e non consolidado (SUNC, 12.489,41 m²) mantén os 55.780,00 m² de edificabilidade previstos no que foi o "PERI Barrio do Cura", os 4.926,00 m² de espazos libres, os 7.929,41 m² de cesión de superficie para uso público, as 300 prazas de aparcamento e unha altura máxima de 9 plantas (27 metros aproximadamente no suposto de plantas baixas non diáfanas). A superficie destinada a equipamentos se incrementa de 65 m² a 7.929, 41 m².



Concello de Vigo

A LSG no artigo 17.a) advirte, *“o solo urbano consolidado (SUC) atópase integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación”*.

O convenio no Expoñendo Quinto sinala que resolta necesario unha reformulación da categoría de solo urbano non consolidado (SUNC) prevista no “PERI do Barrio do Cura”. Neste sentido indica que o artigo 17.b) 1. da LSG ten suprimido a previsión do artigo 12. b) da derogada LOUGA segundo o cal eran terreos de SUNC *“os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente”*, razón que, ao xuízo da proposta de convenio, posibilita que 10.080,86 m² do ámbito sexan categorizados como SUC.

Esta significativa previsión de ordenación supón recoñecer tal categoría tanto os “terreos que reúnen condición de soar”, artigo 19.1 LSG, como a aqueles outros que poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación, artigo 17.a) LSG; neste sentido no Expediente consta informe da arquitecta municipal de “Barrios Históricos” data 17.07.2018 que conforma a delimitación realizada o indicar, *“La modificación puntual reconoce el carácter de SUC de los terrenos que conforman los frentes ya consolidados por la edificación en las c/ Paseo Alfonso XII, Pi i Margall, Llorente, Santa Marta e Torrecedeira, de acuerdo con el artículo 17.a) de la LSG tienen esa consideración porque por su grado de urbanización efectiva, pueden adquirir dicha condición mediante obras accesorias de escasa entidad que pueden ejecutarse simultáneamente con la edificación”*.

Procede incluír correctamente no último parágrafo da Estipulación Segunda 2.A. a data do informe emitido, 17.07.2018, sen indicar que tal emisión realizouse en “fase de negociación”; así mesmo debe modificarse a mención de que os 10.080,86 m² se corresponden coa condición de soar. No sentido exposto o último inciso do parágrafo citado conterá a seguinte redacción: *“tal proposta de delimitación ten sido conformada mediante informe técnico de data 17.08.2018 emitido pola arquitecta municipal de Barrios Históricos no que se xustifica que os terreos que integran a superficie de 10.080,86 m² (SUC), ben ostentan a condición de soar, ben poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación”*.

V. O apartado F da Estipulación Segunda foi obxecto dunha ampla “negociación” en tanto en canto a propiedade, nun inicio, considerou que a reserva legal para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública debía ser do 10 % dado que o SUNC do ámbito correspondíase co SUNC regulado no artigo 17.b). 2. da LSG; a súa redacción definitiva sinala,

“F. Coa finalidade de conseguir no ámbito do solo urbano non consolidado (SUNC) unha reserva de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública equivalente o 30 % da edificabilidade residencial prevista procederase do seguinte xeito:

(i) O Concello de Vigo destinará a tal réxime a totalidade da edificabilidade residencial correspondente ao aproveitamento tipo da área de reparto.

(ii) A propiedade destinará, da edificabilidade residencial que lle corresponda no solo urbano non consolidado, a porcentaxe precisa para que, sumada á porcentaxe do Concello, se poida alcanzar o 30 % da edificabilidade residencial do ámbito. Esta porcentaxe poderá localizarse indistintamente, en todo ou en parte, no solo urbano non consolidado ou no solo urbano consolidado, pero sempre dentro do Barrio do cura”.

De conformidade co artigo 42.9 da LSG a reserva de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública comprenderá aos terreos necesarios para realizar o 10% da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo urbano non consolidado (SUNC) regulado no artigo 17.b).2 da LSG (terreos nos que son necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana). O artigo 26 do RLSG entende por “procesos de reforma interior ou renovación” as actuacións que teñen por obxecto realizar obras que afectan tanto a edificios como a remate de cuarteiróns, así como o reaxuste de viais existentes.

O mesmo precepto sinala que a reserva de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública comprenderá os terreos necesarios para realizar o 30% da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo urbano non consolidado (SUNC) regulado no artigo 17. b).1 da LSG (terreos nos que son necesarios procesos de urbanización). O artigo 26 do RLSG entende por “procesos de urbanización” as actuacións que crean, xunto coas correspondentes infraestruturas e dotacións públicas, unha ou mais parcelas aptas para a edificación ou uso independente conectadas funcionalmente coa rede dos servizos esixidos pola ordenación urbanística.

Do exame dos preceptos mencionados despréndese que o SUNC do ámbito do “Barrio do Cura” atópase integrado por terreos regulados no artigo 17.b) 1. da LSG, é dicir, por terreos nos que son necesarios “procesos de urbanización”, unha actuación que crea parcelas aptas para a edificación e que vai máis alá da mera realización de “obras en edificios ou cuarteiróns” ou do reaxuste das aliñacións, razón suficiente para entender que a reserva de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública debe comprender os terreos necesarios para realizar o 30 % da edificabilidade residencial para o SUNC (17.606,66 m²), en definitiva, terreos suficientes para localizar 5.281,99 m² para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.

A previsión de que a reserva de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública comprenda os terreos necesarios para realizar o 30% da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo urbano non consolidado (SUNC) regulado no artigo 17. b).1 da LSG non implica que tal reserva de terreos deba localizarse necesariamente en SUNC, o mandato indica que tal porcentaxe calcularase sobre a edificabilidade residencial prevista para SUNC pero non concreta o categoría de solo no que



Concello de Vigo

debe localizarse, razón suficiente para entender que a previsión de que a reserva de tales terreos poida localizarse en SUC é conforme a Dereito.

Resulta conforme a Dereito que o Concello de Vigo destine a reserva de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública á totalidade da edificabilidade residencial correspondente ao aproveitamento tipo da área de reparto; o que a Lei establece, independentemente da súa orixe, é unha obrigada “reserva” de solo no ámbito.

VI. A Estipulación Cuarta da proposta de convenio (Cooperación das partes) sinala,

As partes, conscientes da importancia desta actuación estratéxica para a rehabilitación do Casco Vello e da propia Cidade e co obxecto de acadar a correcta consecución dos obxectivos perseguidos, manifestan o seu propósito de cooperar nas actuacións a realizar no ámbito das súas respectivas competencias en beneficio da pronta tramitación e aprobación de modificación puntual do PXOU 1993 e da execución das previsións do planeamento deste Convenio. As previsións deste Convenio non limitan nin condicionan a potestade municipal de planeamento.

Tense dito pero reitérase. Sen prexuízo da iniciativa de ordenación que o TRLS recoñece no medio urbano aos propietarios de fincas urbanas, artigo 8.1, a potestade municipal de planeamento é indispoñible, non é unha función pública susceptible de transacción, artigo 4.1 do mesmo TRLS e artigo 399.3 do RLSG; a única obriga (compromiso) que corresponde ao Concello no convenio refírese á tramitación da modificación puntual dos instrumentos de planeamento nel referidos; no exercicio de tal potestade os cidadáns participan de xeito efectivo nos procedementos de elaboración e aprobación de calquera instrumentos de ordenación urbanística e avaliación ambiental mediante a formulación de alegacións, propostas e observacións que deben obter da Administración municipal unha resposta motivada no procedemento de que se trate, artigo 5.e) TRLS; froito de tales alegacións e en virtude da consideración do interese público nelas exposto, a Administración municipal pode variar/modificar as determinacións de ordenación contempladas no convenio.

VII. Procedemento. A Estipulación Sexta da proposta de convenio sinala,

“O presente convenio, de carácter administrativo, aprobarase previamente á modificación de planeamento que propón e conforme ao disposto nos artigos 401 e seguintes do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia. Carecerá de efectos en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo Pleno do Concello e asinado posteriormente. No caso de que non se aprobe a modificación do planeamento nel prevista entenderase automaticamente resolto”.

O RLSG nos artigos 401, 402 e 403 refírese á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos. O procedemento de aprobación dos convenios concrétese, en síntese, nos seguintes trámites:

- Presentación da proposta de convenio.
- Negociación da proposta de convenio.

- Elaboración polos servizos técnicos e xurídicos da XMU da proposta de texto inicial.
- Vista da proposta de texto inicial aos propoñentes para aceptación ou renuncia.
- Audiencia os titulares de dereitos no ámbito para adhesión e/ou alegacións.
- Sinatura do texto inicial do convenio.
- Aprobación texto inicial (proxección de modificación PXOU) Xunta de Goberno Local.
- Aprobación do texto inicial polo Pleno do Concello.
- Información pública do texto inicial (1 mes).
- Presentación de alegacións.
- Emisión de informes en relación coas alegacións presentadas.
- Emisión de informes técnicos e de legalidade.
- Proposta de texto definitivo á vista das alegacións e dos informes emitidos.
- Vista do texto definitivo os propoñentes para a súa aceptación, reparos ou renuncia.
- Aprobación (ratificación) do texto definitivo do convenio polo Pleno do Concello.
- Sinatura do texto definitivo nos quince días seguintes a súa aprobación.
- Publicación do acordo de aprobación do convenio e do texto asinado no DOGA.
- Anotación do convenio no Rexistro de Convenios e copia o Arquivo de Convenios.
- Incorporación determinacións ás modificacións puntuais do "PXOU 1993" e "PEPRI".

No Expoñendo Oitavo indícase que BARRIO DO CURA DESARROLLO S.L.U. é propietaria do 74,07 % da superficie da propiedade privada existente no ámbito, ostentando o CONCELLO DE VIGO a propiedade do 20,76 % da superficie de dito ámbito, do que un 3,49 % corresponde a parcelas abicadas na área de actuación e un 17,27 % é viario e dotacións; en definitiva, no ámbito existen parcelas de propiedade privada alleas a BARRIO DO CURA DESARROLLO S.L.U., na súa maior parte propiedade de comunidades de propietarios, que constan identificadas no Anexo 2 dos Anexos á Memoria do borrador da modificación puntual do PXOU 93, en concreto identifícanse 16 parcelas das 68 existentes no ámbito.

O artigo 401.1 do RLSG indica, *"En todo procedemento de formalización dun convenio urbanístico promovido por persoas particulares que afecte, total ou parcialmente, terreos propiedade doutras persoas ou a titulares de dereitos, a Administración actuante que corresponda deberá concederlles un trámite de audiencia para que poidan, ben manifestar a súa opción de adhesión ao convenio, ben presentar as alegacións que correspondan en defensa dos seus dereitos e intereses. Neste trámite, o órgano da Administración actuante deberá informar axeitada e claramente as persoas propietarias ou titulares de dereitos de que o convenio está suxeito aos límites establecidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e neste regulamento"*.

A LPAC no seu artigo 82 indica que a audiencia aos interesados será anterior á solicitude do informe do órgano competente para o asesoramento xurídico e que tal trámite non será dun prazo inferior a dez días nin superior a quince.

Conforme a normativa citada, previa a súa consideración no Consello da Xerencia, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Iniciar o trámite de aprobación da proposta de convenio urbanístico de planeamento para a modificación puntual do PXOU 1993 e do PEPRI Casco Vello no ámbito



Concello de Vigo

do “Barrio do Cura” promovido e negociado coa mercantil BARRIO DO CURA DESARROLLO S.L.U.

SEGUNDO. Conceder aos propietarios e aos titulares de dereitos do ámbito denominado “Barrio do Cura” un trámite de audiencia de dez días para que, posto o Expediente de manifesto, poidan, ben mostrar a súa opción de adhesión ao convenio, ben presentar as alegacións que correspondan en defensa dos seus dereitos e intereses; a estes efectos a proposta do texto inicial do convenio atoparase nas dependencias da XMU para que se poida consultar xunto co resto do expediente administrativo, así mesmo será accesible directamente, para a súa consulta, con medios telemáticos, con indicación do enderezo completo da páxina web ou punto de acceso electrónico oficial que permita localizalo.

TERCEIRO. No trámite de audiencia a Xerencia Municipal de Urbanismo informará ás persoas propietarias ou titulares de dereitos de que o convenio está suxeito aos límites establecidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e os límites do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei.

En sesión do 13/09/2018, o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, acordou elevar o presente expediente a Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1028).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 9115/612.

Visto o informe xurídico do 11/09/18, e o informe de fiscalización do 12/09/18, dáse conta do informe-proposta do 11/09/18, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo, a concelleira-delegada da Área de Medio ambiente e Vida Saudable, e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 24 de xullo do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do servizo de limpeza das dependencias de VigoZoo que se ven prestando a través do expediente de contratación 7145-612.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do servizo de limpeza as dependencias de VigoZoo, en que para a prestación dos servizos de limpeza nas instalacións de VigoZoo é preciso manter esta contratación, debido a que os oficiais-coidadores de mantemento, vixilancia e control non poden realizar ditas funcións xa que na súa guía de funcións non se recolle dita tarefa.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, a necesidade de facelo se xustifica en que para a limpeza das dependencias deste servizo de VigoZoo é imprescindible e necesario a contratación cunha empresa de servizos para garantir o funcionamento do parque, tendo en conta que este servizo supera os importes máximos establecidos por normativa para poder executalo gasto a través de contrato menor.

Como consecuencia do anterior, con data de 24 de xullo, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de limpeza das dependencias de VigoZoo.

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable, o 24 de xullo de 2018.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable para o inicio do expediente do 24 de xullo de 2018.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 10/09/18 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable o 10/09/18.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de Vigozoo o 06/09/18.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica Administración Xeral do Servizo de Contratación o 11/09/18.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, no servizo de limpeza do edificio central das instalacións do Parque das Ciencias VigoZoo de acordo coas características previstas no PPT.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado, en aplicación do artigo 159.1 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.



Concello de Vigo

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (42.790,71€), o importe do IVE a soportar pola Administración (7.426,48 €) e o valor estimado (70.728,46 €). A execución do contrato abrangue 9 meses (IVE incluído):

- ano 2018: 14.263,57 €
- ano 2019: 28.527,14 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.227.00.00 "Limpeza".

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Esta prestación de servizos nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 9 meses, establecéndose tres prórrogas de tres meses de duración cada unha delas, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

A empresa adxudicataria presentará mensualmente unha factura no que o importe será a parte proporcional do importe total do contrato. Debe acompañarse da seguinte documentación: xustificante de estar ao corrente das obrigacións coa Seguridade Social, informe das horas realizadas no mes anterior asinada polo responsable do contrato e informe mensual do servizo realizado.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Coordinador de Educación de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 € para cubrilas contingencias que se puideran producir derivadas da prestación do servizo.

3.- Criterios de adjudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 10/09/18 polo Director de Réxime Interior do Servizo VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dun criterio:
CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Redución do prezo: ata 100 puntos.

A fórmula para valorar este criterio remítese á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do servizo de limpeza do edificio central das instalacións de VigoZoo (exp. 9115-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 06/09/18 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 11/09/18.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 42.790,71 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (7.426,48 €) e a anualidade máxima do 2018 será de 14.263,57 € e a do 2019 de 28.527,14 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.00.00 "Limpeza".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(1029).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE CONTROL DE ACCESOS E ATENCIÓN O PÚBLICO NAS DEPENDENCIAS DE VIGOZOO. EXPTE. 9429/612.

Visto o informe xurídico do 10/09/18, e o informe de fiscalización do 14/09/18, dáse conta do informe-proposta do 10/09/18, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo ,a concelleira-delegada da Área de Medio ambiente e Vida Saudable, e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local , con data 6 de maio de 2016 , acordou aprobar o expediente para a contratación dos servizos de control de accesos e atención ao público nas dependencias de VigoZoo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 23 de setembro de 2016 , adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo “ *Adxudicar a COYMA SERVICIOS GENERALES, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control do público en Vigozoo por un prezo de 80.972,49 euros e cunha redución porcentual dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo de atención ao público previstos no apartado 3F da FEC do 10% e unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custo para o Concello de 100 horas. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*”

Con data de 28 de setembro de 2016 a empresa adxudicataria do Contrato asina o contrato para a prestación do servizo. En dito contrato recóllese na cláusula 4 o prazo do contrato, sendo este de dous anos, e o inicio dende o 1 de outubro de 2016. Contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

2.- Fundamentos de dereito:

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece na súa Disposición transitoria primeira punto 2 que os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei, rexiránse, en canto os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Polo tanto, o artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas no **apartado 7. Prazo de execución, punto 3)**, recóllese que *“ o presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.c da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista. O apartado 4. C da FEC contempla dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.*

A empresa que presta o servizo, *“ COYMA SERVICIOS GENERALES, SL”* con CIF: B21339478, non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas e presenta solicitude de prórroga mediante escrito con entrada no rexistro xeral do Concello o 30/07/2018 (núm. Doc. 180125982).

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa que desenvolve o servizo *“ COYMA SERVICIOS GENERALES, SL”* con CIF: B21339478, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

4- Prezo anual do contrato.

A anualidade do contrato é de 40.486,25 euros IVE engadido, que tras aplicar a redución porcentual dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo de atención ao público previstos no apartado 3F da FEC do 10%, se establece en 36.437,63 €.

4.1 Prezo para o período da prórroga.

Atendendo a que a primeira prórroga é por un ano de duración, distribúese o importe da anualidade cos seguintes importes: 7.591,11 euros para o 2018 e 28.846,52 euros para o ano 2019.

5.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria do presuposto vixente: 337.1.227.99.00 *“ Taquilla”*. A tales efectos, existe no orzamento en vigor unha retención de crédito na referida partida por importe de 11.640,48 (RC nº 201800007824)

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 30 de setembro, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a primeira prórroga do contrato *“ dos servizos de control de accesos e atención ao público nas dependencias de VigoZoo”*.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu



Concello de Vigo

artigo 3. " En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procédese a tramitar a prórroga do contrato dos servizos de control de accesos e atención ao público nas dependencias de VigoZoo polo período dun ano dende o 1 de outubro de 2018 ata 30 de setembro do 2019, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 á empresa " COYMA SERVICIOS GENERALES, SL" con CIF: B21339478, sendo o importe total do período da prórroga de 36.437,63 euros con IVE.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, propónse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

Primeiro: Aprobar a prórroga dun ano do contrato para a prestación "dos servizos de control de accesos e atención ao público nas dependencias de VigoZoo", á adxudicataria " COYMA SERVICIOS GENERALES, SL" con CIF: B21339478 por acordo da XGL de 23/09/2016, dende o 1 de outubro de 2018 ao 30 de setembro de 2019.

O importe total do período da prórroga, 1 ano, de 36.437,63 euros con IVE, dende o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019, con cargo a seguinte partida orzamentaria do orzamento vixente, 337.1.227.99.00 "Taquilla", cos seguintes importes: 7.591,11 euros para o 2018 e 28.846,52 euros para o ano 2019

Segundo: Notificar o presente acordo de prórroga á empresa " COYMA SERVICIOS GENERALES, SL" con CIF: B21339478, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1030).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez